



ACTA DE ACORDO

CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DE ESTABLECIMENTOS SANITARIOS DE HOSPITALIZACIÓN, ASISTENCIA, CONSULTA E LABORATORIOS DE ANÁLISES CLÍNICAS

En Santiago de Compostela, a 5 de maio do 2006, na sala de xuntas da Dirección Xeral de Relacións Laborais, ás 12:00 horas súntase a Mesa negociadora do convenio provincial do sector de establecementos sanitarios de hospitalización, asistencia, consulta e laboratorios de análises clínicas da Coruña, acadándose o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Os membros da Mesa negociadora que asisten á xuntanza son os que seguen:

- En representación da Asociación Provincial de Empresarios de Sanidade Privada da Coruña:
 - D. Oswaldo García Hermida
 - D. José Ramón López Vivero
 - D. Manuel Granja González

Como asesor: D. Arsenio Prieto Martínez



Pelo S.N. de CCOO de Galicia

- D^a Ana de la Iglesia Fernández
- D^a Ana M^a Castro Vaamonde
- D. W. Manuel Vázquez Ferrer

Como asesoras: D^a M^a José Lamas Díaz e D^a Teresa Pardo Varela

Asiste á Xuntanza a directora xeral de Relacións Laborais, D^a Pilar Cancele Rodríguez

SEGUNDO: Esta Mesa negociadora acada os seguintes acordos:

1. A negociación colectiva corresponde aos anos 2004 - 2005, ámbito de vixencia sobre o que se acada consenso.
2. Para o ano 2004 acórdase un incremento salarial do 4%.
Para o ano 2005 o incremento será o IPC real máis 1,25%
3. As partes acordan iniciar a negociación colectiva correspondente ao ano 2006 fixándose como data o 18 de maio ás 17 horas.
Nesta primeira xuntanza convocada para o efecto, dende a Dirección Xeral de Relacións Laborais, fixarase o procedemento negociador e demais extremos da negociación.
4. Os efectos económicos deste acordo entrarán en vigor coa súa sinatura, producíndose a actualización correspondente ao ano 2004 no mes de maio e a do 2005 no mes de xuño.

O que se asina en proba de conformidade no lugar e data sinaladas.

[Handwritten signatures and initials in the top right corner]

[Handwritten signatures and initials on the left margin]

[Handwritten signatures and initials on the right margin]

[Large handwritten signatures and initials at the bottom of the page]